



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CARTES



Erasmus+



SERVICIO ESPAÑOL PARA LA  
INTERNACIONALIZACIÓN DE LA EDUCACIÓN



Centros  
Integrados  
Formación Profesional



ESCOLA  
DE  
IMAXE  
E  
SON

## Programa ERASMUS+

### Información sobre a Convocatoria de mobilidade para PERSOAL SAÍNTE

#### Proxectos:

**2025-ES01-KA171-HED-000338947; 2024-1-ES01-KA171-HED-000231424 ; 2023-1-ES01-KA171-HED000149967**

No desenvolvemento do presente proxecto de mobilidade participan: Erasmus +, SEPIE, Consorcio CARTES 2.0 e CIFP Imaxe e son. A Comisión Europea é a responsable última do desenvolvemento do programa Erasmus+, SEPIE é a axencia nacional que promove e executa o programa a escala nacional.

CARTES é un consorcio formado polos seguintes centros de formación superior:

- Escuela Superior Conservacion Y Restauracion Bienes Culturales
- Centro Integrado de Formación Profesional Imaxe e Son
- EASD Antonio Faílde.
- ESCRBC de Galicia.
- ESDAP de Catalunya
- Formación Educación integral.
- Escuela de Artes de Oviedo
- Emprende y Gestiona 2015 S.L.
- Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón
- Escola Superior de Disseny i d'Arts Plàstiques
- Escuela de Arte y Superior de Diseño de Corella
- Escuela de Arte y Superior de Diseño de Pamplona
- Escuela de Arte y Superior de Diseño Mestre Mateo
- Escola de arte e superior de deseño Pablo Picasso.
- Escuela de Arte y Sup. de Diseño y de Conser. y Restaur. Bienes Culturales de Burgos
- Escuela Superior de Arte del Principado de Asturias
- Escola Superior De Conservación E Restauración De Bens Culturais De Galicia
- CIFP ALAN TURING
- IES Audiovisual de Vigo
- IES Puerta Bonita
- IES Ribeira do Louro

## 1. Obxecto da convocatoria.

Convocatoria de 1 axuda de mobilidade a:

**Universidade de Pristina, Kosovo. Facultade de Artes.**

**Departamento de Arte Dramático.**

**Enlace:** <https://arte.uni-pr.edu/page.aspx?id=2,69>

**Actividade:** UPward Student Film Festival 2025/2026

<https://www.facebook.com/people/UPward-International-Student-Film-Festival/61578078599241/>

**Datas:** Primeira ou segunda semana de Xullo (por concretar)

**Nº de días:** Cinco días de actividade e dous días de viaxe (ida e volta)

## 2. Requisitos

As persoas solicitantes deberán formar parte do persoal docente ou /e equipo directivo do CIFP Imaxe e Son durante as datas nas que se xestione e desenvolva a mobilidade.

## 3. Resultados.

As persoas seleccionadas seguirán o programa de actividades acordado entre CARTES e "UNIVERSIDADE DE PRISTINA"

As máis comúns son:

- Visitas a Institucións académicas.
- Asistencia a proxeccións programadas polo Festival de cine.
- Encontros entre docentes e estudantes de diferentes países.
- Asistencia a actividades culturais.

Con esta actividade o CIFP Imaxe e son, pretende:

- Apoiar o desenvolvemento profesional do profesorado con vistas a innovar e a mellorar a calidade do ensino, a formación e o traballo no ámbito da xuventude.
- Promover a creación de redes de contactos con centros formativos e institucións con obxecto de desenvolver conxuntamente proxectos formativos internacionais.

#### 4. Cuantía económica da mobilidade e recoñecemento de horas de actividade.

4.1. A cuantía das axudas, tanto para viaxe como para manutención, son as fixadas polas institucións e organismos que xestionan e promoven o Programa Erasmus+, en total: 1.725 euros.

Destino	Duración da mobilidade	Apoio individual	Gastos viaxe
Kosovo	7 días (5 actividade + 2 viaxe)	1.330 € (190 € diarios)	395 €

O 100% da axuda da mobilidade será ingresada ao persoal beneficiario antes de iniciar a viaxe.

Máis información:

Financiamento: [http://www.sepie.es/doc/comunicacion/publicaciones/2024/ayudas\\_erasmus\\_2024\\_educacion\\_superior\\_ka171.pdf](http://www.sepie.es/doc/comunicacion/publicaciones/2024/ayudas_erasmus_2024_educacion_superior_ka171.pdf)

Distance calculator Cálculo de gastos de viaxe segundo aplicación Erasmus +.

4.2. O recoñecemento de horas de actividade está publicado no DOG do mércores 31 de agosto de 2016. Resolución de 23 de agosto de 2016, pola que se regula o recoñecemento, certificación, e rexistro na participación do profesorado en proxectos europeos como actividades de formación permanente do profesorado.

#### 5. Axuda menos oportunidades.

O personal docente terá dereito a unha axuda por ser considerado merecedor dunha axuda por menos oportunidades no caso de que se cumpran os requisitos definidos por ERASMUS+ Consulta en <https://sepie.es/doc/newsletter/2023/48/infografia.pdf>

#### 6. Axudas para necesidades especiais

O programa Erasmus+ ten por obxectivo promover a equidade e a inclusión tanto do alumado como do profesorado. Existen vías de financiamento especial para persoas con discapacidade física ou intelectual. A información sobre este tipo de financiamento pode consultarse co coordinador de programas internacionais do CIFP Imaxe e son. Ten información sobre as axudas no seguinte enlace: [Erasmus+: un programa inclusivo](#)

#### 7. Solicitude. Documentación requirida.

As persoas solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude e plan de traballo (Anexo I).
- Acreditación de estar en activo en CIFP Imaxe e son como docente ou con cargo directivo.
- Acreditación de cursos traballados en CIFP Imaxe e son.
- Acreditación idiomas.

## 8. Lugar e datas de entrega da documentación

Lugar: A documentación debe presentarse en soporte papel na Secretaría de CIFP Imaxe e son en horario de mañá.

Datas: O prazo de entrega é do 12 de maio e o 18 de maio de maio de 2026 ás 12:00h.

A presentación da solicitude implicará coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria e do regulamento. Coa firma da solicitude a persoa solicitante autoriza o uso dos seus datos relativos a nome, apelidos, valoracións e destinos solicitados e adxudicados no taboleiro de anuncios e na web do centro.

## 9. Comisión de valoración das solicitudes.

A resolución da convocatoria será ditada pola Comisión valoración de proxectos de mobilidade internacional. A Comisión estará formada por:

Presidenta:

Sandra Potente (por delegación de Dirección)

Vogais:

Ignacio Romero (Equipo directivo)

José Antonio P. Paris (Equipo directivo)

Carlos Oro (Coordinador internacional)

Secretaría:

Miguel Fernández (Docente de inglés)

A selección do profesorado destas mobilidades realizarase en base aos criterios de baremo fixados polo Consorcio CARTES (puntos 1 a 4 e 7) e polo CIFP Imaxe e son (Punto 5, 6 e 8) desta convocatoria.

## 10. Baremo para a valoración dos méritos presentados.

CRITERIO DE ADXUDICACIÓN:

PRIMEIRO: Persoal docente que non realizou mobilidade ERASMUS+ no curso 25-26.

SEGUNDO: Persoal docente.

TERCEIRO: En caso de quedar vacante a mobilidade nesta convocatoria, Coordinación internacional solicitará a través do correo electrónico ao persoal docente a súa participación na mobilidade a Kosovo. Posteriormente, entre as persoas inscritas realizarase un sorteo para a adxudicación da praza.

BAREMO:

Nº	Criterio	Puntos (Máximo)
----	----------	-----------------

1. **Cursos traballados no centro (independentemente do n.º de meses)** 20  
0,60 puntos por ano traballado. Máximo 20 puntos.

2. **Acreditación da lingua de traballo.** 20  
Máximo 20 puntos.

	B1	B2	C1	C2
Inglés	5	10	15	20
Turco, romaní, bosnio y goraní	5	10	15	20

3. **Experiencia en proxectos de mobilidade internacional.** 20  
Máximo 30 puntos.

3.1.Cargos implicados en mobilidades internacionais:	10
Director	10
Coordinador internacional	8
Vicedirector, Xefa de estudos, Secretario.	6
Coordinación FCT, Titorías fin de ciclo (FCT)	4
Comisión avaliadora solicitudes de proxectos, REDES, Webmaster	2
3.2. Mobilidades de estudantes ou profesorado excutadas como consecuencia da participación da persoa solicitante.	10
Como consecuencia da última mobilidade realizada pola persoa solicitante en convocatorias anteriores executáronse mobilidades entrantes ou saíntes de alumnado e/ou persoal docente. 5 puntos por cada mobilidade. Máximo 10 puntos.	10
3.3. Acordos interinstitucionais asinados como consecuencia da participación da persoa solicitante na última mobilidade realizada.	10
Como consecuencia da última mobilidade realizadas pola persoa solicitante en convocatorias anteriores CIFP Imaxe e son acordou coa Institución/empresa de acollida un "Acordo interinstitucional" ou "Acordo de cooperación". 5 puntos por cada mobilidade. Máximo 10 puntos.	10

4. **Coñecemento do programa ERASMUS e/ou colaboración nos proxectos de mobilidade INcoming.** 20  
Máximo 20 puntos.

4.1. Participación en Seminarios/Grupos de traballo relacionados con Coordinación internacional durante os últimos 5 anos. 0,25 puntos por hora de actividade. Máximo 10 puntos.	10
4.2. Mentoría en actividades incoming de personal docente ou estudantes. Máximo 10 puntos	10
4.3. Colaboración en actividades "Incoming" de profesorado ou estudantes. 5 puntos por cada colaboración /grupo diferente. Máximo 10 puntos.	10

5. **Difusión de mobilidades anteriores.** 10  
Máximo 10 puntos.

5.1. A persoa solicitante fixo difusión da súa última mobilidade a través da Web, RRSS, Presentacións, etc.	5
5.2. Presentou a memoria de mobilidades realizadas ante o claustro.	5

6. **Adecuación do perfil profesional / actividade proposta.** 10  
Máximo 10 puntos.

A actividade está directamente relacionada coa docencia ou funcións actuais da persoa solicitante.

Máis do 50% das horas da actividade profesional en CIFP Imaxe e son da persoa solicitante está relacionada coa actividades de mobilidade.	10
Entre o 49% e o 20% das horas da actividade profesional en CIFP Imaxe e son da persoa solicitante está relacionada coa actividades de mobilidade.	5

7. **Discapacidade.** 10  
Máximo 10 puntos.

8. **Non participación en proxecto de mobilidade saíntes ERASMUS+ xestionadas por CIFP Imaxe e son nos últimos tres anos.** 10  
Máximo 10 puntos.

Desempates:

- Sorteio.

## 9. Calendario.

Temporalización das actividades previstas:

- ▶ Convocatoria. 12 de maio.
- ▶ Data límite de entrega da documentación: 18 de maio ás 12:00h.
- ▶ Resolución provisional: 18 de maio
- ▶ Reclamacións: 19, 20, 21 maio
- ▶ Resolución definitiva: 22 de maio.

## 10. Renuncias

A renuncia a unha axuda de mobilidade xa adxudicada presentarase por escrito ao coordinador Erasmus da Escola no prazo de 2 días dende a resolución definitiva da convocatoria.

## 11. Obrigas do profesorado beneficiario.

Trámites de obrigado cumprimento do profesorado becado antes de iniciar a mobilidade:

- Aportará en tempo e forma tódolos datos e información necesarios para xestionar a documentación requirida polo Servicio Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), utilizando para isto o aplicativo web proporcionado polo Consorcio CARTES.
- Seguir o protocolo definido no Check-list da actividade entregada por coordinación internacional.
- Atender as recomendacións sanitarias para viaxar ao país de destino.
- Dispor dunha póliza de seguro segundo as indicacións de CARTES, é dicir, contratado en [miotroseguro.com](http://miotroseguro.com) e que cubra o día de desprazamento de ida e de volta.

► **Trámites durante a estadía:**

- A persoa adxudicataria debe comunicar a coordinación internacional a súa incorporación ao centro de destino.
- A persoa beneficiaria enviará información sobre os primeiros días da mobilidade para difundir a actividade nas redes e web de CIFP Imaxe e son.
- Asimesmo deberá comunicar á coordinación Erasmus da Escola calquera incidencia ou cambio nas datas ou no plan de mobilidade.
- Solicitará o certificado acreditativo da estadía segundo modelo do centro de acollida, con data e sinatura polo responsable da mobilidade da institución de destino. A data de certificación deberá ser igual ou posterior á data de finalización da estadía. Non se admitirán certificados con data anterior á finalización do período de mobilidade.

► **Trámites ao rematar a estadía:**

- Entregar ao coordinador de programas internacionais o certificado de cumprimento da estadía.
- A persoa participante deberá dar a máxima difusión ás actividades realizadas durante á súa estadía por medio das redes sociais de CIFP Imaxe e son.
- Terá que solicitar o recoñecemento de horas realizadas na mobilidade ao Servizo de persoal da Xunta de Galicia.
- Entregar a Memoria da mobilidade en formato papel.
- Presentar a Memoria da mobilidade nunha sesión presencial diante do profesorado.

## Marco legal

O contido desta convocatoria é responsabilidade do CIFP Imaxe e son. A Comisión Europea (CE) e SEPIE non son responsables da información aquí difundida. Documentación de referencia:

- Regulamento (UE) no 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 polo que se crea o programa “Erasmus+”, de educación, formación, xuventude e deporte da Unión: Publicado no Diario Oficial da Unión Europea o 20 de decembro de 2013.
- Regulamento Europeo. Programa Erasmus+ [ES]
- Guía Erasmus+ 2025:

Finalmente e, segundo a Guía Erasmus + :

“Esta inversión en coñecemento, habilidades e competencias beneficiará ás persoas, as institucións, as organizacións e ao conxunto da sociedade, pois contribuirá ao crecemento e a garantir a igualdade, a prosperidade e a inclusión social en Europa e fóra de ela”

O ditado nesta convocatoria é responsabilidade de CIFP Imaxe e son.

A Coruña, 12 de maio de 2026



**Cofinanciado por  
la Unión Europea**



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CARTES



Erasmus+



Centros  
Integrados  
Formación Profesional



## IMPRESO SOLICITUDE PERSOAL DOCENTE SAÍNTE. ANEXO I

### TIPO DE MOBILIDADE SOLICITADA:

MOBILIDADE PARA IMPARTIR DOCENCIA (STA)

MOBILIDADE PARA FORMACIÓN (STT)

### DATOS PERSOAIS

Nome e Apelidos			
Corpo			
Male	<input type="checkbox"/>	Female	<input type="checkbox"/>
e-mail			

### EQUIPO DIRECTIVO, cargo:

### DOCENTE: Módulos impartidos.

Departamento			
	Ciclo Formativo	Módulo	
Ciclos formativos e módulos impartidos en 2023-2024	1º		
	2º		
	3º		
	4º		

### IDIOMAS

Idioma	Idioma 1:	Idioma 2:	Idioma 3:
Nivel (de A1 a C2)			

### INSTITUCIÓN OU PAÍS DE DESTINO

1º	<p>Universidade de Pristina, Kosovo. Facultade de Artes. Departamento de Arte Dramático.  <b>Enlace:</b> <a href="https://arte.uni-pr.edu/page.aspx?id=2,69">https://arte.uni-pr.edu/page.aspx?id=2,69</a>  <b>Actividade:</b> UPward Student Film Festival 2025/2026  <b>Datas:</b> Primeira ou segunda semana de Xullo (por concretar)</p>
----	--

# PLAN DE TRABAJO

## OBXECTIVOS XERAIS DA MOBILIDADE

## ACTIVIDADES A DESENVOLVER

## RESULTADOS ESPERADOS. VALORES ENGADIDOS

Asinado:

A Coruña,

de

de